

## **Sociolingüística.**

### **Índice de contidos:**

1. O galego no primeiro terzo do século XX:
  - 1.1. Características lingüísticas fundamentais.
  - 1.2. Contexto histórico e situación sociolingüística
2. O galego de 1936 a 1975:
  - 2.1. Características lingüísticas fundamentais.
  - 2.2. Contexto histórico e situación sociolingüística
3. O galego de finais da século XX e principios do XXI:
  - 3.1. Características lingüísticas fundamentais.
  - 3.2. Contexto histórico e situación sociolingüística

## 1. O galego no primeiro terzo do século XX:

### 1.1. Características lingüísticas fundamentais.




A principios do século XX o coñecemento do galego medieval, debido á edición e publicación de documentos, cantigas e textos en prosa provocou un grande rebumbio no galego literario. Agora únense o coñecemento do galego medieval, os desexos de depuración e a necesidade de cubrir baleiros léxicos provocados polos Séculos Escuros. Así pois, cada vez aparecen máis arcaísmos (influencia da literatura medieval) e desaparecen vulgarismos e palabras patrimoniais.

A nivel lingüístico aparece unha tendencia de achegamento ao portugués, idioma ao que se acode para resolver problemas de carencia de léxico: recupéranse elementos perdidos ou incorpóranse lusismos. Os escritores superan o dialectalismo ou interdialectalismo e instálanse no supradialectalismo. O idioma purifícase de castelanismos e de dialectalismos e aparece marcado polos arcaísmos e lusismos. Ao mesmo tempo un intento por diferenciar o galego do castelán dá lugar á aparición do hiperenxebrismo (hipergaleguismo e pseudoevolución). O galego escrito opta polos plurais (-aes) para as palabras polisílabas agudas rematadas en (-al) (*animaes*); polas terminacións (-zon, -zo / -za) (*nazón, silencio, distanza*); polos sufixos (-bre / -bel) (*posibre / posíbel*), pola desaparición do (-l) e o (-n-) intervocálicos en palabras cultas ou semicultas (*orgaizar, espeitago* por *organizar, espectáculo*); pola vocalización dos grupos cultos (*coleición, téinica...*) e pola invención de palabras patrimoniais ou semicultas que o galego non coñecía, senón como cultismos (*cadeirádego* por *catedrático*).

O galego resultante é un galego co que os galegos non se identifican por estar moi lonxe da fala real.

## 1.2. Contexto histórico e situación sociolingüística

Chegada a fin do século XIX constátase unha recuperación do galego como idioma literario, cultural e histórico; asemade patentízase un descenso no nivel de uso oral. A lingua galega non vive aínda unha situación normalizada e iso provoca un retroceso en medios sociais -clases altas e medias- e en ámbitos xeográficos -urbanos- concretos. Porén, pouco a pouco, o galego consegue acceder a novos ámbitos de uso, que ata o de entón lle estaban vedados: ensaio, narrativa, discursos políticos, actos públicos, etcétera.




Risco

O contexto socio-político contrasta cunha prolífica actividade cultural. A sociedade galega dos comezos do XX seguía a caracterizarse pola excesiva concentración do poder económico en sectores minoritarios, por un sistema agrícola aínda feudal e por unha crecente emigración que ía baleirando o país. Agroman asociacións agrarias que canalizan as protestas sociais e acadan grande resonancia no campesiñado, como foi o caso

de "Acción Gallega". A toma de conciencia dos campesiños, fomentada polo seu acceso á propiedade da terra, unida á evolución do galeguismo cara ao nacionalismo, provoca un salto cualitativo na utilización da lingua. O nacionalismo está tan unido ao idioma como esencia de identidade colectiva, que as súas primeiras manifestacións constitúen as Irmandades da Fala. Creadas para a defensa, dignificación e cultivo do idioma, a primeira Irmandade da Fala fúndase na Coruña en 1916. Séguena outras repartidas polas principais cidades e vilas de Galicia (Ferrol, Ourense, Betanzos, Santiago...). Para o espallamento do seu ideario crearon un xornal de expresión totalmente en galego: *A Nosa Terra*. Os seus membros máis salientables foron os irmáns Vilar Ponte, Losada Diéguez, Vicente Risco, Ramón Cabanillas, etc.

En 1918 celebran a "I Asamblea Nazionalista Galega", que tivo como conclusións a reivindicación da autonomía integral, da oficialización da lingua e da inclusión de Galicia na Sociedade de Nacións de Xenebra. As Irmandades promoveron a elaboración de dicionarios e gramáticas, estudos lingüísticos e reivindicaron a presenza do galego na Administración e no ensino. Déronlle pulo á actividade editorial nas principais cidades galegas: *Céltiga* en Ferrol, *Lar* na Coruña, *Alborada* en Pontevedra, e moitas outras, ademais de frecuentes seccións en galego na prensa en castelán. Neste contexto aparece a Revista Nós, da




Otero  
Pedrayo



man de Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas, que conforman o coñecido "Grupo Nós". A eles lígase a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

De especial relevancia para a lingua galega no comezo de século foi a fundación, en 1906, da Real Academia Galega.

Na década dos anos vinte os membros de "Nós", cunha ampla formación intelectual, marcan como finalidade a eliminación do lastre do folclorismo da cultura galega, mediante a súa actualización, normalización e universalización. A revista contaba coa colaboración de autores estranxeiros (portugueses, irlandeses, cataláns, franceses...), que a poñían en contacto coas correntes europeas, ademais de traducións variadas e artigos tanto de carácter científico – arqueoloxía, etnografía, antropoloxía, socioloxía...- coma literarios.



López  
Cuevillas



Castelao

Do ano 1922 é a primeira gramática escrita totalmente en lingua galega, a *Gramática do idioma galego*, obra de Manuel Lugrís Freire. Anteriormente xa se realizaran algúns estudos lingüísticos salientables coma o *Elementos de gramática histórica gallega* (1909), obra de Vicente García de Diego ou o *Diccionario galego castelán* da RAG, de 1913, que quedou inacabado. Posterior á gramática de Lugrís Freire é o *Diccionario galego castelán* de Leandro Carré Alvarellos, publicado no ano 1928.

O emprego do galego en estudos científicos potenciouse coa creación do Seminario de Estudos Galegos (1923), dedicado a investigacións sobre a realidade galega e ao estudo de todas as súas manifestacións. Foi fundado por un grupo de mozos universitarios: Fermín Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Lois Tobío...; aos que axiña se sumaron outros

como Ricardo Carballo Calero, Antón Fraguas ou Xaquín Lorenzo.

A obra literaria destes intelectuais, que recuperan campos como o ensaio abrindo novos horizontes, outórgalle á prosa galega un grao de desenvolvemento pleno e integra a nosa cultura no contexto europeo: *Arredor de si*, *Devalar* ou *Os camiños da vida*, de Ramón Otero Pedrayo e *Os europeos en Abrantes* e *O porco de pé*, de Vicente Risco, son títulos que forneceron á nosa literatura -ao lle incorporar temáticas universalistas, lendarias e exóticas, urbanas e pensamentos filosóficos- de novas técnicas de creación que se estaban a desenvolver na literatura europea.

A feble tradición do xénero dramático recibiu un pulo coa creación desde as Irmandades do Conservatorio Nacional



de Arte Galega, en 1919, que logo pasa a ser Escola Dramática Galega.


Os movementos europeos de vangarda non lle resultan alleos á lírica galega. Os autores da chamada "Xeración do 25" —Manuel Antonio, Luis Amado Carballo, Bouza Brey— demostraron unha grande vontade de orixinalidade creativa que pasa polo enfrontamento aberto coas formas tradicionais de poesía.

Merece mención á parte a figura polifacética de Castelao . É un clásico da literatura galega en todas as áreas nas que se manifesta a súa arte: novela, teatro, narrativa breve e ensaio político —*Sempre en Galiza* obra mestra do nacionalismo galego— e outras obras que reflicten conxuntamente a súa capacidade como debuxante e escritor. Castelao entraña unha grande significación política plasmada na súa obra ensaística e na súa participación activa e directa na política do país (Deputado da República nas filas do Partido Galeguista).

En 1931 créase o Partido Galeguista, que consegue a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que a lingua galega adquire por vez primeira o recoñecemento de "idioma oficial de Galicia". Este logro importantísimo non chegou a ter aplicación práctica na realidade por mor do estoupido da Guerra Civil (1936), que supuxo o principio da máis crúa etapa para as linguas non oficiais do Estado español.

## 2. O galego de 1936 a 1975:

### 2.1. Características lingüísticas fundamentais.



Durante a etapa franquista o galego ruralízase, é dicir, reduce o seu uso o ámbito rural e unicamente se conserva a nivel de fala. O galego falado é un galego dialectalizado, que, cada vez máis, se vai enchendo de vulgarismos e castelanismos. Só se escribe galego fóra de Galicia, seguindo as pautas da etapa anterior.

A partir de 1950, coa aparición da Editorial Galaxia, empeñada na edición e publicación dos nosos clásicos e na recuperación da nosa cultura, novamente a lingua recupera ámbitos da escritura e é a mesma Editorial a que elabora unhas normas de uso interno, que dan certa unidade a todo o que se publica. Así suprimiuse o apóstrofo e os guións, non se usa a segunda forma do artigo despois de verbo e prefírense plurais en (-es), previa perda de (-l) do tipo *animaes*, *azues*. Aparece a *Gramática Elemental del Gallego Común* (1966) e o proxecto *Galego 1, 2, 3*, co que a loita pola normativización está servida para a década dos setenta.

### 2.2. Contexto histórico e situación sociolingüística.

O remate da Guerra Civil española e o inicio do franquismo provocou a desaparición da lingua galega da escena pública, do ensino e das actividades socio-económicas. Aqueles que tiveron como única vía o exilio —Castelao, Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane, Rafael Dieste...— foron quen de manter viva a chama da cultura, do idioma e da identidade de Galicia. O desenvolvemento cultural galego ten agora o seu escenario en Arxentina, Venezuela, México e Cuba, entre outros países.

A situación social do galego viuse moi agravada coa obrigatoriedade da escolarización no nivel básico e, posteriormente, coa popularización dos medios de comunicación, que tiñan o castelán como único vehículo de expresión.

O contexto adverso non logrou apagar o espírito do galeguismo, que, timidamente, comeza a se manifestar no ámbito cultural.

A peza clave na que se asenta esta recuperación dos usos escritos é a creación da Editorial Galaxia en 1950. Os seus principais promotores, Otero Pedrayo, Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto, Ramón Piñeiro e outros, evidenciaron de novo a validez do idioma galego para calquera xénero ou temática. Galaxia convértese no eixo de diversas publicacións periódicas: *Revista de Economía de Galicia*, a revista de cultura e arte *Atlántida*, e a de pensamento *Grial* (prohibida ó ano seguinte do seu nacemento). Outras empresas literarias destacables son a colección de poesía “Benito Soto” (dirixida por Celso Emilio Ferreiro [na imaxe]), a colección “Xistral”, a editorial “Monterrey”, a editorial “Bibliófilos Gallegos” e o suplemento semanal literario do diario compostelán *La Noche*.



Celso Emilio Ferreiro.

A partir de 1960 vaise producir un conxunto de cambios no eido económico e social que se acompañan dunha leve atenuación da censura.

Exemplos deste aperturismo foron a posibilidade de publicacións antes prohibidas como *Grial* a instauración da celebración por parte da Real Academia Galega do Día das Letras Galegas, a ampliación do mundo editorial con “Edicións do Castro”, as novas asociacións culturais en defensa do galego: “O Facho”, “O Galo”, “Abrente, a “Asociación Cultural de Vigo”... A Universidade galega non queda á marxe das inquiredanzas e toma parte activa coa creación en 1965 da Cátedra de Lingua e Literatura Galegas a cargo de Ricardo Carballo Calero. Seis anos despois nace o Instituto da Lingua Galega, cunha obra investigadora desenvolvida ata os nosos días.

Nos anos cincuenta a produción literaria na Península inicia de novo o seu camiño de forma máis sólida. Unha vez máis foi a lírica a encargada de iniciar o renacer literario. *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, en 1962 representa a liña social e cívica caracterizadora da poesía dos anos sesenta. Lueiro Rey, Bernardino Graña e Manuel María, son algúns dos autores desta lírica que tenta conxugar o discurso político co literario.

En 1963, co gallo do centenario da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, a Real Academia Galega institúe a efeméride das Letras Galegas cada 17 de maio.

		
Ramón Otero Pedrayo	Eduardo Blanco Amor	Ánxel Fole

No ano 1965 albíscase outro vieiro: a lingua e a literatura galegas entran nos plans de estudo da Facultade de Filosofía e Letras de Santiago de Compostela.

A narrativa galega sofre un baleiro desde 1936 ata 1951, cando Carballo Calero publica a súa primeira novela, *A xente da Barreira*. Entre os anos cincuenta e sesenta tres grandes autores, Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor e Ánxel Fole, desde as súas peculiares formas de narrar, crean unha obra de recoñecida altura universal.

Na década dos sesenta Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros, fanse eco das innovacións da narrativa europea, constituíndo o que se deu en chamar "Nova Narrativa", movemento renovador da nosa prosa.



	
Gonzalo Rodríguez Mourullo	Xosé Luís Méndez Ferín

### 3. O galego de finais da século XX e principios do XXI:

#### 3.1. Características lingüísticas fundamentais.





Esta é a etapa que se inicia coa disputa pola normativización entre a RAG e o ILG (reintegracionistas, lusistas vs. isolacionistas, nacionalistas). Por fin establécese o galego estándar (*Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*). Pero desto xa falamos na sección anterior. Soluciónase o problema da normativización, pero non se dá solucionado o problema da normalización, que semella moi difícil de resolver, porque hai opinións encontradas en canto a como se debe abordar. Uns cren que debe ser suficiente con promocionar e incentivar o uso do galego, mentres outros pensan que se debe impoñer. A promoción non atopou contestación, pero a imposición parece que sitúa a un sector de galegos en contra, e non só no método, senón tamén no uso.

### 3.2. Contexto histórico e situación sociolingüística.

A instauración da democracia na década dos setenta permitiu a consolidación dos xéneros anteriores e a apertura de novos horizontes nos distintos campos literarios en resposta ás esixencias dunha sociedade libre. Galicia pasou de ser un país produtor de poesía maioritariamente a interesar e implicar a moita máis xente nos libros que produce, que van desde diversos tipos de ensaio (sociolingüístico e literario -Basilio Losada, Francisco Pillado...-; teolóxico e relixioso - Torres Queiruga, Xosé Chao Rego...-; filosófico - Felipe Martínez Marzoa...-; histórico -Ramón Villares, Felipe Senén, Xosé Ramón Barreiro...-) a libros de crónica política, revistas, ...

En narrativa as tendencias son moi variadas e aos autores que se deron a coñecer antes do 75 (como María Xosé Queizán, Alfredo Conde, Paco Martín, etc.) únense unha moi heteroxénea nómina de narradores (Víctor Freixanes, Xavier Alcalá, Carlos Reigosa, Suso de Toro, Manuel Rivas, Agustín Fernández Paz...), que amplían as modalidades narrativas (novela histórica, policial, erótica, realista, etc.)


A edición de libros destinados aos lectores máis novos en coleccións infantís (Merlín, Sotelo Blanco Infantil, etc.) e xuvenís (Xabarín, Doce por vintedous, Fóra de xogo, Gaivota, Árbore, etc.) é unha das grandes contribucións á normalización da nosa literatura.



A poesía tamén se renova. Méndez Ferrín e Arcadio López Casanova marcan coa aparición dos seus poemarios no 1976 a dirección para unha poesía máis rica e aberta a múltiples influencias. Darío Xohán Cabana, Xulio López Valcárcel, Claudio Rodríguez Fer, Manuel Rivas e moitos autores máis están contribuíndo a continuar engrandecendo un xénero asentado desde os inicios da nosa literatura na Idade Media.

O xénero dramático experimentou fondas transformacións na segunda metade do XX. A obra de autores da inmediata posguerra, como Cunqueiro ou Carballo Calero, convive coa obra dos novos (Manuel María, Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo...), que buscan a ruptura formal. Todos eles abren o mundo teatral ás máis novas tendencias. É salientable a aparición, a finais dos anos 60 e principios dos 70, do fenómeno dos Grupos de Teatro Independente ("O Facho", "Teatro Circo"...). Nestes anos proliferan asociacións que tratan de potenciar o teatro, especialmente mediante o achegamento a un público xuvenil.

No ano 1978, Galicia igual có resto do Estado, volve a contar cunha Constitución democrática que no seu articulado proclama a "vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións", ao tempo que senta as bases dunha nova configuración xurídico-política: o Estado das Autonomías. Co réxime democrático Galicia convértese en Comunidade Autónoma, tendo como linguas oficiais o galego e o castelán se ben a Constitución marca o dereito e o deber de coñecer o castelán pero só o dereito de coñecer o galego para os cidadáns galegos.



Paralelamente a unha lexislación reguladora dos usos do idioma, cumpría a elaboración dunha lingua estándar. O Instituto da Lingua Galega, creado en 1971, e a

Real Academia Galega propoñen en 1982 as *Normas ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego*, que acadan o carácter de oficiais coa promulgación da Lei de Normalización Lingüística. A revisión máis recente destas Normas, que integra en parte algunhas posturas reintegracionistas, é de 2003.

No ano 1985 xorden a Televisión de Galicia e a Radio Galega. O primeiro foi -e aínda é- un motivo fundamental para manter presente a lingua galega nos medios de comunicación audiovisuais e contribuír á normalización da lingua neste ámbito ata este entón bastante desasistida. Canto á Radio Galega, tamén tivo e ten o mérito de manter unha canle monolingüe de calidade e con interese pola cultura propia. Ambos os dous medios son referentes canto á calidade no mundo dos medios de comunicación actuais, e presentan taxas de audiencia aceptables e, nalgúns programas, altos. Foi especialmente a Televisión de Galicia a que rompeu máis tópicos e prexuízos ao pór a falar en galego persoas das máis variadas nacionalidades e tempos.

No século XXI a nosa lingua segue a se manter viva, protexida pola lexislación vixente, e cun elevado número de falantes. Só queda, pois, facer camiño tomando como exemplo o teimudo labor daqueles que, dentro e fóra de Galicia, nunca deixaron de traballar pola normalización da nosa lingua.





O 13 de xuño de 2005 á Unión Europea chegou a proposta (de próxima aprobación como punto de tipo A, sen debate, polos ministros de Asuntos Exteriores da Unión) da inclusión do gaélico irlandés como nova lingua oficial e de traballo da Unión (a 21ª) e do galego (xunto co catalán e euskera en España) como lingua non-oficial, mais oficiosa (de uso para comunicacións oficiais e de traballo) da Unión Europea, sempre que o Estado correspondente asuma os gastos e emita un preaviso aos demais membros asistentes á reunión. Isto puidera ser un paso moi importante para a supervivencia do galego no século XXI.

A partir dos estudos actuais da Sociolingüística galega, observamos que hai unha mellora canto a actitudes e melloras importantes na capacidade lectora; mais a nivel de lingua vehicular ou habitual -e tamén como lingua materna-, o idioma galego perde falantes actualmente, de maneira que nas novas xeracións xa hai máis castelán-falantes que galego-falantes. Estes datos podémolos constatar por exemplo, entre outras fontes, nun informe do Consello Escolar de Galicia que sinala que só un 30% do alumnado de Educación primaria usa a lingua galega (datos dos cursos 2002-2003, 2003-2004 e 2004-2005). Por estas razóns, pareceu necesaria unha maior implicación gobernamental, e en 2007 chegouse a un acordo no Parlamento Galego para a creación dun novo acordo que garante chegar ao mínimo dun 50% de ensino en galego (escola infantil, educación primaria, E.S.O., Bacharelato, Formación profesional e EPA); ademais tamén xurdiu a necesidade de crear Galescolas, isto é, escolas infantís onde se empregue a lingua do país como vehicular.


A día de hoxe, o novo goberno do PP non sabemos aínda que medidas tomará para defender e promover o uso do galego, pois en campaña comprometeuse unha vez máis co bilingüismo, pero a defensa do bilingüismo non é concebida por todos os galegos da mesma maneira.

No cadro que segue podemos ver como o número de falantes de so castelán ou máis castelán vai aumentando progresivamente, mentres o de falantes de galego ou máis galego vai descendendo.



	
<p>Víctor Freixanes</p>	<p>Manolo Rivas</p>

Unha mostra máis da perda de galego-falantes iniciais, isto é, co galego como lingua materna, é un informe recente (outubro de 2007) do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Segundo o mesmo só un 20,6% dos nenos teñen como idioma inicial o do país. Como contraste, debemos sinalar que en 1992 o mesmo seminario cifraba estes datos nun 60,3%. Nas cidades os resultados son peores: estímase que só o 1,6 dos nenos ferroláns e o 4,3% dos vigueses teñen o galego como lingua inicial, na Coruña o 6,3%, en Ourense 9,1%, en Pontevedra 9,4%, en Lugo o 17,9% e en Santiago o 18,4%.



Todo isto fainos pensar que aqueles organismos que se propuxeran fomentar o uso do galego entre os habitantes de Galicia están fracasando nos seus obxectivos e pensamos que só nos sacará desta situación unha reflexión profunda de todos aqueles que senten unha preocupación despolitizada polo futuro do galego e a concienciación dos galegos no que respecta á conservación da nosa lingua. O galego terá o futuro que os galegos lle queiran outorgar. Hai quen pensa que, ademais disto, conviña acercar máis a lingua á fala, pois moitos galegos non se identifican coa normativa e mesmo chegan a pensar que eles non falan un “bo galego”, así que mellor falar castelán.

